

PRÓLOGO

A historia divídese en épocas bautizadas cun nome. Cada época ten un comezo e un final e suponse que todo o que pasou mentres durou estivo impregnado polos principios que rexían nese tempo pretérito. As divisións do pasado teñen moito de artificial, porque os seus límites moitas veces son moi dubidosos e a idea de que todo o que ocorreu en cada época estivo rexido por un espírito propio está a cuestionarse cada vez máis. Se hai unha época en certo xeito maldita, esa é a chamada Idade Escura, ou Idade Media. A primeira das súas denominacións deixa entrever que esa época, que durou nada máis nin nada menos que mil anos, desde o fin do Imperio romano de Occidente ata o descubrimento de América, foi unha época de escuridade intelectual, na que o fanatismo relixioso, a superstición, a violencia e as arbitrariedades do réxime feudal terían sometido aos pobos de Europa a mil anos de servidume. A segunda delas concíbea como un milenio de transición entre o mundo antigo e o Renacemento, un período no que a razón volvería espertar e limparse as súas lagañas.

A Idade Media foi considerada como ese xigantesco período de retroceso pola Ilustración e a Revolución Francesa, e só tras o seu fin e coa restauración en case toda Europa das antigas monarquías foi cando o mundo medieval volveu ser valorado desde o punto de vista artístico, literario e intelectual. Aínda que, todo hai que dicilo, esa revalorización non só consistiu en reconstruír e restaurar as vellas catedrais, senón que foi un elemento esencial do pensamento político europeo ultraconservador en autores como Joseph de Maistre en Francia, Donoso Cortés en España, e tantos outros¹.

1 J. Heers, *Le Moyen Age, une imposture. Verités et Légendes*, París, Perrin, 1992 foi un dos autores que mellor destacou o carácter arbitrario desta etiqueta historiográfica.

Deixando de lado os debates políticos do século XIX, hoxe vemos a Idade Media con outros ollos. Sabemos que non foi iletrada, senón o medio de transmisión dos textos clásicos en moitas ocasións, que non foi unha orxía de barbarie, pois existía o dereito e aplicábase a lei. Existía a idea das garantías legais, que aparece no *Liber Iudiciorum* dos visigodos, e que en Inglaterra se consagrou coa *Magna Carta*. Na Idade Media volveu entrar en vigor o dereito romano, que regulaba a propiedade, e os mercadores foron desenvolvendo o seu propio dereito, coñecido como *ius mercatorum*. A guerra estivo regulada por normas consuetudinarias, sacras e profanas, e aínda que houbo abusos, violencia e crimes, o seu índice non foi maior que en épocas anteriores e posteriores².

Defender que na Idade Media non existía a capacidade de razoar é un absurdo, se pensamos na complexidade da estrutura dunha catedral gótica, ou na pintura flamenca, e non digamos nos tratados de filosofía escolástica, ou en descubrimentos como a contabilidade por partida dobre ou o uso da pólvora. O que ocorre é que nese período todo o saber estaba en mans eclesiásticas, no dereito, nas universidades, e en todas as ramas da cultura. E é dentro dese ámbito onde se pode ver o enfrontamento entre razón e superstición no tema das reliquias.

O culto ás reliquias é anterior á Idade Media, pois xa se coleccionaban e se lles daba culto dun modo ou outro en Grecia e Roma. Tras o Renacemento as reliquias foron substituídas polos obxectos arqueolóxicos e as obras de arte e documentos que constitúen os nosos patrimonios nacionais, cargados de valores afectivos, sagrados e invio-

2 D. L. D'Avray destacou a importancia da racionalidade medieval en dous dos seus libros: *Medieval Religious Rationalities. A Weberian Analysis*, Cambridge, Cambridge University Press, 2010 y *Rationalities in History. A Weberian Essay in Comparison*, Cambridge, Cambridge University Press, 2010, no que desenvolve a súa perspectiva teórica.

lables. E non é casualidade que a crítica histórica, que permite saber se un documento é verdadeiro ou falso, naceuse no ámbito eclesiástico para separar o gran da palla no culto aos santos e as súas reliquias. Un culto que xerou inxentes ingresos e privilexios a moitos mosteiros e catedrais, e que tivo un importantísimo compoñente político cando os diferentes reinos, como Inglaterra, Escocia, Francia ou Hispania reivindicaron a posesión das reliquias máis prestixiosas, como eran as dos Apóstolos, como veremos nos diferentes capítulos deste libro.

Aínda que non deixa de ser unha anécdota para o desenvolvemento da nosa argumentación posterior, é curioso comprobar como a asociación entre a conservación dun cadáver e a identidade dun país e un sistema político, que fixo do ateísmo parte esencial da súa ideoloxía, se repetiu na URSS do século XX co caso de Lenin. E é que, tamén na URSS, unha cousa eran as ideas e outras os sentimentos e os símbolos.

Hai moitas razóns científicas que poden explicar a extraordinaria conservación dalgúns cadáveres e os aromas das tumbas -que eran considerados signos de santidad- pódense explicar ás veces pola presenza nelas de plantas aromáticas. Pero no mundo do cristianismo ortodoxo da Rusia pre-revolucionaria críase que un cadáver incorrupto podería presentar un problema, e é que ademais de ser dun santo podía ser obra do demo, ou ben mesmo un vampiro no mundo no que se cría nos mortos viventes. En concilios, como o de Moscova de 1677, prohibiron recoñecer a un santo só por ese criterio, pero seguiu sendo o dominante. Ás momias descubertas case intactas chámaseles en ruso *mochti*, e a súa posesión outorgaba prestixio relixioso, poder e influencia, ata que tras 1919 os revolucionarios rusos ordenaron abrir todas as tumbas para demostrar que a incorruptibilidade era unha andrómena. Pero como todos somos parte, e ás veces marionetas, dos nosos valores culturais, os *mochti* tomáronse o desquite.

E é que morto Lenin, decidiuse conservar o seu cadáver como icona da Revolución e signo da identidade do novo Estado. Chamouse a especialistas alemáns para que o momificasen, pero o cadáver comezou a descompoñerse por ser incorrectamente tratado. Como estaba vestido e maquillado foi difícil separalo das súas roupas e houbo que reconstruír a súa cabeza e barba, coser anacos e enchelo con cera para tapar as suturas. Substituíronse as mans por outras de cera, e instaláronse frigoríficos ao redor da cámara e fóra da vista dos peregrinos visitantes, para poder conservalo presentable. O sartego, hermeticamente pechado, conservouse a temperatura constante, e se xurdían problemas a tumba pechábase dúas ou tres semanas e os forenses reconstruíano de novo.

Lenin era visitado cada ano por millóns de peregrinos, como os santos medievais. E as súas reliquias cumprían a mesma función: simbolizar a unidade política e a identidade dun Estado. O seu valor simbólico era tan grande que, tras a caída da URSS, un empresario de Las Vegas tentou compralo para exhibilo como botín da vitoria do capitalismo sobre o comunismo. Non conseguiu o seu propósito. Ese empresario non sabía que o que se reverenciaba na URSS non era un cadáver corruptible, senón o incorruptible Lenin no sentido físico e milagroso da palabra: Lenin, o santo laico. O símbolo dun ideal político e da esperanza dunha nova sociedade e da identidade nacional de Rusia, como os santos eran na Idade media a encarnación dos valores morais, as ilusións e as esperanzas.

Na Idade Media as reliquias eran manipuladas polos intereses políticos, como no caso de Lenin. Uns intereses de gran nivel. En contra do que se cre non foron sempre os eclesiásticos os que crearon o culto a determinadas reliquias. Moitas veces o seu descubrimento tiña unha orixe popular e estaba unido a lendas, como a da tumba oculta iluminada, a estatua atopada no tronco dunha árbore,

o pergamiño redescuberto. Unha vez achadas as reliquias o dereito canónico establecía que cada bispo debía abrir unha investigación para ditaminar a veracidade do achado, estudando se existía o santo, pois moitos foron inventados, se podía estar no lugar no que apareceu a súa tumba, ou ben como chegara unha reliquia a ese lugar: como agasallo, por compra ou por roubo, que de todo había. Só tras a investigación documental se ditamiaba a validez. Pero tras o século XII o Papado reservou para si estas investigacións, porque bispos e abades eran proclives a inventar reliquias para obter beneficios económicos.

Veremos a continuación como actuaron un bispo e un Papa racionais nin máis nin menos que no caso do chamado Santo Sudario, que non analizaremos detidamente neste libro, por non ser unha reliquia unida á identidade de ningún reino³.

A historia comezou preto de París entre 1353 e 1357, cando os cóngos de Lirey comezaron a exhibir o sudario nunha igrexa de madeira, fundada por Geoffroy de Charny, un «perfecto cabaleiro», que levou esta tea ao deán. Aínda que ningún testemuño evanxélico nin patrístico falaba dela, iniciouse o culto do sudario e fabricáronse medallóns para os peregrinos. No seu anverso figuraban os brasóns do cabaleiro Charny e a súa esposa Jeanne de Vergy. Pronto se falou de milagres, polo que o bispo de Troyes, Henri de Poitiers, alarmado por «moitos teólogos e sabios» entrou en acción. Fixo o seu estudo e enviouno ao Papa Clemente VII. E nel dicía:

hai algún tempo nesta diocese de Troyes o deán dunha colexiata, con astucia, falsidade e engano, consumido polo vicio da avaricia, e guiado non pola devoción senón polo ansia de ganancias, conseguiu para a súa igrexa unha tea

3 O tema foi estudado por J. Nickell, *Relics of the Christ*, Kentucky, The University Press of Kentucky, 2007.

enganosamente pintada na que unha hábil man pintou a dobre imaxe dun home, é dicir, por diante e por detrás, declarando falsamente que era o sudario co que Xesucristo foi depositado na súa tumba... Esta historia non só circulou polo reino de Francia, senón polo resto do mundo, e por así dicilo e chegaron a vela xentes de todas partes.... E para atraer ás multitude e sacarlles diñeiro inventáronse milagres e pagouse a algúns homes para que declarasen que se curaron ao ver o sudario.

O bispo Henri decidiu procesar o deán e os seus cómplices para que confesasen o seu engano. E eles, «vendo que a súa maldade ía ser descuberta», di o informe, «esconderon a tea para que o Ordinario non puidese atopala e mantivérona escondida desde hai 34 anos ata o de agora (1389)». Nese ano o conde Geoffroy de Charny, fillo do conde «descubridor», foi ver ao cardeal legado, que non aprobou a súa exhibición, a pesar do cal volveu exhibirse. O noso bispo Henri volveu ao ataque, ameazando ao deán de excomunión, porque os conspiradores volveron exhibir a tea grazas a un privilexio do rei Carlos VI. O rei deu a razón ao bispo reclamante e ordenou ao xuíz de Troyes que retirase a tea, pero o deán negouse a entregala. O conde Geoffroy, que era parente próximo do Papa Clemente, porque a súa nai, Jeanne de Vergy, era tía do Pontífice, acudiu a el para que validase a reliquia. Pero o bispo Henri ofreceu ampliar a información do asunto, na que quedaba claro que non se podía documentar a procedencia do sudario.

Examinado o asunto, o Papa Clemente asinou o 6 de xaneiro de 1390 un decreto que dicía que a tea «non era o verdadeiro sudario do noso Señor, senón unha pintura feita a semellanza e imaxe dun sudario». Pero a historia seguiu. En 1418 a neta do conde, Margaret, levou a tea ao seu castelo de Monfort. Os cóengos de Lirey quixeron recuperala, pero foi en balde. E en 1453 a condesa Margaret vendeu a tea á casa real de Saboia a cambio de dous castelos, razón

pola cal foi excomungada. Cando en 1578 a capital do reino de Saboia se trasladou a Turín, alí foi trasladado ese suposto sudario, do que se escribiu de todo por parte de historiadores ousados, científicos iluminados e charlatáns de todas clases.

Vimos como as autoridades eclesiásticas tamén foron racionais e honradas na Idade Media, pero nese mundo, como no noso, os intereses económicos e políticos conseguiron manipular todas as institucións. E oportunistas de todas clases proliferaron.

A milenaria Europa medieval non estivo mergullada baixo unha nube de incenso, nin nela se oía constantemente un fío musical de canto gregoriano. As persoas que viviron nese período eran coma nós. Tiñan a mesma intelixencia, as mesmas paixóns e os mesmos vicios e as mesmas virtudes. Se podemos pensar que vivimos mellor que na Idade Media non é porque nós sexamos mellores persoas, senón porque as nosas institucións son mellores. E é que o progreso da humanidade é o progreso das súas institucións, que serán máis perfectas se son máis racionais e están mellor reguladas polo dereito e a moral colectiva, como puxeron de manifesto D. L. D'Avray e J. A. Brundage⁴.

Houbo na Idade Media dous dereitos: o civil ou común, que se sistematizou coa restauración do dereito romano, e o dereito canónico, que tamén derivaba do dereito romano en moitos aspectos, e que regulaba a vida relixiosa, a liturxia, o poder e as institucións eclesiásticas, así como moitos aspectos da vida económica, política e militar. A somarémolos agora a un aspecto dese dereito, guiados sempre polos historiadores do mesmo, para ver o que foi a vida de dous tipos de persoas que ás veces foron os mesmos: os *peregrini* e os *crucesignati*, os peregrinos e os cru-

⁴ Ver J. A. Brundage, *Medieval Canon Law and the Crusader*, Madison e Londres, The University of Wisconsin Press, 1969.

zados, e cuxas traxectorias vitais estiveron marcadas pola procura das reliquias, a súa conservación e o seu culto, xa fose en Terra Santa ou na propia Europa.

A palabra peregrino é un termo latino que designa ao estranxeiro, xa sexa o estranxeiro que vive nunha cidade ou un reino, ou a quen se move dun lugar a outro e por iso perde temporalmente a condición legal que tiña antes da súa partida. E os cruzados foron aquelas persoas que levaban o signo da cruz como símbolo do voto ou promesa que fixeran antes de partir á guerra cos musulmáns. Por iso se lles denominaba unhas veces así e outras simplemente peregrinos.

Viaxar na Idade Media non tiña nada que ver co que hoxe significa ir de viaxe. Os que viaxaban eran os mercadores, os legados dos reis, nobres ou eclesiásticos, quen ía á guerra nunha expedición, quen tiña que emigrar do seu lugar de nacemento e todo un mundo de bandoleiros e ladróns, esmoleiros e prostitutas itinerantes, quen xunto cos tolos, os leprosos e outros marxinais tentaban sobrevivir indo dun lado para outro nun mundo moi pouco poboado. Pénsese nunha península Ibérica que non chegaba aos 10 millóns de habitantes no seu mellor momento, con grandes zonas desertas, nas que os viaxeiros solitarios podían ser vítimas dun bandoleirismo endémico. Ademais a única viaxe rápida era a viaxe por mar, pero estaba moi limitada polas estacións do ano, xa que era moi difícil no inverno, e polas inseguridades da navegación.

A forma normal de viaxar era a pé, ou como moito en mula. Moi poucos dispoñían de cabalos e xa non digamos de incómodos carros. Posuír unha montura era privilexio de nobres, de bispos e estaba totalmente prohibido, por exemplo, aos xudeus. Para viaxar con seguridade, se non era cun exército, había que ir en grupo e levar armas ou polo menos bastóns cos que defenderse. E o máis seguro era levar algún tipo de salvoconduto, como un manto

especial, que garantise a protección. Ese é o manto dos peregrinos, cuxos bordóns lles servían como arma e como bastón de camiñante.

Peregrinos e cruzados teñen no dereito canónico moitos caracteres en común. E son eses caracteres comúns os que explican como se puido pasar do pacífico Santiago peregrino ao Santiago Matamouros, que non é outro que un santo Cruzado, como san Xurxo, que protexe aos seus fieis no campo de batalla. Para ser peregrino ou cruzado hai que facer un voto, e un voto é unha promesa que o dereito diferencia en tres niveis: o pensamento ou o foro interno, a voz coa que se expresa en público e o compromiso legal ante unha autoridade relixiosa.

O cumprimento do voto era obrigatorio e só podían eximir del a autoridade ante a que se realizou ou outra equivalente ou superior. E unha vez cumprido o voto de peregrinación ou cruzada, se se conseguía volver a casa, o que moitas veces non era posible debido aos perigos da viaxe, había que levar unha proba material, escrita ou simbólica, de que se logrou o obxectivo.

Pero a cousa era moito máis complicada e o dereito canónico dá unha visión completa das contradicións do que foi a realidade. En primeiro lugar debemos ter en conta que había dous tipos de peregrinos: os que peregrinaban voluntariamente e aqueles que o facían para cumprir unha pena legal ou unha penitencia relixiosa. Estes segundos eran grupos de delinquentes e pecadores, aos que máis se lles esixía a proba do cumprimento da súa condena ou penitencia, asumidas polo seu voto. Pero a cousa complicábase cando un condenado ou pecador podía enviar a outra persoa para que peregrinase no seu nome, naturalmente pagándolle, ou ben simplemente pagar unha cantidade á autoridade correspondente, librándose así de cumprir a pena. Estes pagos foron moi comúns na Idade Media, mesmo no dereito penal, no que se chamaba *composición*

ao pago polas feridas a unha persoa ou pola súa vida realizado aos seus herdeiros.

O mesmo ocorreu cos cruzados e a súa obrigaición de ir á guerra, xa fose a Palestina ou aos campos de batalla da península Ibérica. Os cruzados realizaban o seu voto e recibían unha bula que lles garantía o perdón de todos os seus pecados e a súa salvación eterna se morrían na guerra contra os infieis, bulas que tamén se lles podían expedir aos peregrinos. Pero como morrer por unha causa é glorioso, pero vivir o é máis, moitos non cumprían os seus votos. Se eran ricos podían enviar a outro no seu lugar, pagar unha cantidade como compensación pola súa ausencia do servizo, ou desertar e desaparecer polos camiños e as terras de ninguén, atopando nalgún lugar unha residencia para vivir felices.

Todo o regulou o dereito canónico, un dereito racional que estudou cuestións como estas: en primeiro lugar a protección das familias dos cruzados e das súas propiedades, xa que tardarían anos en volver, se volvían; en segundo lugar a regulación do status do cruzado, que quedaba sometido a unha xurisdición diferente á civil e eclesiástica, como os soldados quedan baixo a xurisdición militar. Como consecuencia disto todos os xuízos e preitos pendentes cun cruzado quedaban en suspenso ou tiñan que ser resoltos antes da súa partida. Os cruzados e peregrinos en ocasións quedaban exentos de impostos e peaxes, do pago de hipotecas e rendas e tiñan dereito a aprazar o pago das súas débedas, non pagando os intereses. Ademais, tiñan dereito a recibir un subsidio, porque os exércitos do momento non tiñan nin intendencia nin sanidade. Desde a Antigüidade os soldados viaxaban coas súas mulleres e concubinas, que eran as que os coidaban e curaban, e as que atendían todas as súas necesidades.

Pero estes privilexios e o feito de poder marchar dunha cidade ou un latifundio, ou mesmo dun convento, deron lugar a toda clase de picarescas. Os abades e bispos tenta-

ron limitar, coa expedición de licenzas, o número de clérigos e monxes errantes, cuxas reputacións eran nefastas, porque xunto a esmoleiros, ladróns, prostitutas, tolos e marxinados de todas clases, formaban parte do mundo da picaresca e a delincuencia parcial ou a tempo completo. E é que na Idade Media, coma sempre, o gran só podía atoparse no medio da palla.

Eclesiásticos e laicos, nobres e plebeos, servos e señores e homes e mulleres viviron nun mundo no que a relixión, os seus dogmas, ritos, cultos e os seus edificios, riquezas e sistemas de poder e control éranos case todo. A relixión formaba parte das súas vidas, pero esas vidas transcorrían sobre a Terra e no mundo real. O que ocorre é que ás veces é moi difícil saber se a realidade é real, e onde comezan e acaban a ficción e a mentira. As reliquias e os seus cultos, os reis e os reinos, o poder, a riqueza, a guerra e a paz constituían todo un armazón de crenzas indisociables moitas veces do mundo físico e sensorial. E é que o problema, na Idade Media, como agora, é que, mentres que podemos ter unhas ideas e discutilas ou aceptalas, pola contra as nosas crenzas forman parte de nós mesmos, do noso pasado e do noso presente

Este libro tentou explorar algunhas delas.

ÍNDICE

Prólogo.....	7
1. Mártires, martirios e reliquias.....	19
2. Crónicas, reliquias e pedras lendarias	67
3. O rei de Hispania, a señora Lupa e a tumba do apóstolo Xacobe	111
4. A conversión de Inglaterra, Xosé de Arimatea e Glastonbury	159
5. A conversión de Escocia e a lenda do apóstolo Andrés....	185
6. A lenda da santa pecadora: María Magdalena e a conversión de Francia	215
Bibliografía.....	257